

Dado que o precepto é indispensable para garantir os dereitos dos funcionarios ós que se refire o dito corpo legal, procede a tramitación do correspondente proxecto de lei que regula a mencionada integración.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a lei pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servicio da Xunta de Galicia.

Artigo único.—Modifícase a Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servicio da Xunta de Galicia, á que se lle engade unha disposición adicional co contido seguinte:

«Facúltase a Xunta de Galicia para que por decreto efectúe a integración nas escalas e especialidades creadas na presente lei dos funcionarios de carreira que, reunindo os requisitos de grupo e titulación, estivesen desempeñando, segundo as relacións de postos de traballo, as funcións propias das referidas escalas e especialidades e, se é o caso, dos funcionarios de carreira pertencentes a corpos creados pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 1993.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Lei 3/1993, do 16 de abril, das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.

A presente lei ten por obxecto o establecemento do réxime xurídico e a regulación das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos, entendendo por tales aqueles que se pactaron con anterioridade á vixencia da Lei do 1 de agosto de 1942, sexa cal fose a súa procedencia xurídica inicial, e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia.

A base competencial aparece recoñecida no artigo 149º 1, regra oitava, da Constitución, que considera que lles corresponde ás comunidades autónomas a conservación, a modificación e o desenvolvemento dos dereitos civís forais ou especiais, alí onde existan, e tamén no artigo 27º 4 do Estatuto, que declara a competencia sobre a conservación, a modificación e o desenvolvemento das institucións do dereito civil galego.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.

TÍTULO I

ÁMBITO DE APLICACIÓN E INSCRIPCIÓN DAS PARCERÍAS E DOS ARRENDAMENTOS RÚSTICOS HISTÓRICOS

Artigo 1º

Os arrendamentos rústicos históricos, constituídos desde tempos inmemoriais e rexidos polo costume como institución propia do dereito civil galego, suxeitaranse ó disposto na presente lei.

Así mesmo, esta lei seralles aplicable ás parcerías históricas, é dicir, as constituidas con anterioridade de agosto de 1942, sempre que non se modifícase desde aquela data a participación correspondente a cada unha das partes.

Artigo 2º

Apartado 1º

Recoñéceselles ós arrendamentos rústicos históricos existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei do 1 de agosto de 1942 e ás parcerías que se describen no artigo anterior o seu peculiar carácter como modalidade de contrato para a explotación agraria, no que a titularidade da explotación agraria e o traballo persoal lle corresponden ó arrendatario ou parceiro.

Apartado 2º

Non perderán a condición de arrendamentos históricos polo feito de que as partes establecesen, verbalmente ou por escrito, algún pacto que modifícase a renda, outro elemento ou condición do contrato primitivo, sempre e cando se mantivese constante o arrendamento.

Artigo 3º

Mediante esta lei créase o Rexistro das Parcerías e dos Arrendamentos Rústicos Históricos dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 4º

Apartado 1º

A inscrpción no Rexistro das Parcerías e dos Arrendamentos Rústicos Históricos realizarase mediante a tramitación do oportuno expediente contradictorio que instruirá a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a instancia da parte interesada.

Apartado 2º

No suposto de non se obter acordo entre as partes respecto da inscrpción, paralizarase o expediente, remitiranse os interesados á vía xudicial competente por razón da materia e a sentencia que recaia será, de recoñecer-la existencia do arrendamento ou da parcería, título suficiente para a inscrpción.

TÍTULO II

DO RÉXIME XURÍDICO

Artigo 5º

Apartado 1º

Os arrendamentos rústicos e as parcerías ós que se refire o artigo 2º que estivesen vixentes á entrada en vigor da presente lei quedarán prorrogados ata o 31 de decembro do ano 2005.

No caso de que, chegada a data de extinción dos arrendamentos ou das parcerías, o arrendatario ou parceiro tivese cumplidos os 60 anos, prorrogaráselle o contrato de xeito excepcional ata que o titular acade a idade de xubilación.

Apartado 2º

A renda que viñese satisfacendo o arrendatario á entrada en vigor desta lei poderá ser revisada anualmente, de acordo co índice de prezos percibidos polos agricultores.

Artigo 6º

Apartado 1º

Ata o cumprimento da data indicada no artigo anterior, o arrendatario ou parceiro poderá exercita-lo dereito de acceso á propiedade das leiras levadas en arrendo ou parcería, incluída a vivenda se fose o caso, pagándolle ó propietario un prezo que será a cantidade resultante da media aritmética entre a valoración catastral e o valor en venda actual de terras análogas pola súa clase e situación no mesmo termo municipal ou na comarca.

Apartado 2º

No suposto de non acadar acordo entre as partes respecto do prezo que debe paga-lo parceiro ou arrendatario, someterase á decisión dunha Xunta de Estimación Provincial das Parcerías e dos Arrendamentos Rústicos Históricos, que se crea pola presente lei coa seguinte composición:

a) Presidente: o delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

b) Secretario: un funcionario designado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que actuará con voz pero sen voto.

c) Vocais:

—Un funcionario técnico da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

—Dous representantes nomeados cada un polo Colexio de Rexistradores da Propiedade e de Avogados.

—Un representante das organizacións profesionais agrarias máis representativas que exercerá o cargo de xeito rotatorio con carácter anual.

A valoración da Xunta de Estimación poderá ser impugnada polas partes ante a xurisdicción competente por razón de materia.

Apartado 3º

Exercitado o dereito de acceso á propiedade regulado no apartado anterior, o arrendatario ou parceiro terá a obriga de cultivar persoalmente e directamente as leiras adquiridas durante seis anos como mínimo. Se incumprise tal obriga, o anterior propietario poderá resolvela transmisión aboando o prezo da mesma.

Artigo 7º

A Xunta de Galicia establecerá as medidas necesarias para facilita-lo acceso á propiedade dos arrendatarios e parceiros ós que se refire a presente lei. Estas medidas de axuda poderán consistir en:

a) Subvencións a fondo perdido.

b) Subvencións ós puntos de interese.

c) Avales necesarios para a compra das terras polo arrendatario ou parceiro histórico.

d) Calquera outra conducente a este fin.

Artigo 8º

Apartado 1º

O propietario terá dereito ó rescate da parcería ou do arrendamento histórico cando xustifique a súa necesidade inescusable como único medio de subsistencia e se comprometa a leva-la explotación persoal e directa das terras.

Apartado 2º

O rescate da parcería ou do arrendamento histórico por parte do propietario virá precedido da indemnización, non só das melloras realizadas polo arrendatario ou parceiro, senón tamén do valor atribuíble ós beneficios cesantes como consecuencia da rescisión do contrato e como recoñecemento da titularidade empresarial que viña desempeñando.

Apartado 3º

Cando non se logre o acordo entre as partes, tanto no dereito de rescate coma na valoración das compensacións económicas, corresponderá á xurisdicción competente determinar ambos extremos, que ponderará as circunstancias de continuidade na explotación do cultivador e a situación de necesidade de rescate alegada polo propietario. De igual modo será o xuíz o que decidirá sobre as valoracións das indemnizacións que deba satisfacer a parte que leve a titularidade da explotación.

Logrado o cultivo das terras rescatadas polo propietario, este deberá practicalo, ademais de modo persoal e directo, cando menos durante seis anos consecutivos. O incumprimento deste requisito dará lugar á anulación da situación creada e á reposición do anterior cultivador.

Artigo 9º

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, se o arrendamento ou a parcería comprendese casa de labranza na que habitase o arrendatario ou parceiro, este terá

dereito, se non dispuxese doutra vivenda, e salvo que esta fose expropriada, a continuar en arrendamento da casa de labranza e nun dez por cento da superficie total das leiras arrendadas ou dadas en parcería á súa elección, cun máximo de 0,25 ha, ata o falecemento deste e do seu cónxuge, pagando a renda pertinente que sexa a usual na comarca para casa e leiras análogas, sen que poida exceder do que paga o arrendatario ou parceiro pola totalidade das leiras.

Artigo 10º

No suposto dunha expropiación forzosa, total ou parcial, dun predio sobre o que recaia un arrendamento ou parcería histórica, practicaranse as actuacións e indemnizacións separadamente tanto co propietario coma co arrendatario ou parceiro cultivador, recoñecendo se paradamente as súas respectivas titularidades.

Disposición transitoria

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá á constitución das xuntas de estimación provinciais referidas nesta lei no prazo máximo de seis meses.

Disposiciones adicionais

Primeira.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes elaborará no prazo de un ano unha relación circunstanciada na que se recollan os arrendamentos e as parcerías a que se refire esta lei.

Segunda.—En todo o non regulado na presente lei, será de aplicación, respecto das causas de extinción contractual e réxime xurídico xeral, o disposto no Código civil e na lexislación especial de arrendamentos rústicos de 1980.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1993.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 39º 5 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece que poderán cursarse en escolas específicas, sen limitación de idade, estudos de música ou de danza, que non poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional. A regulación destas escolas resérvase ás administracións educativas.

Estas escolas específicas de música e danza deben dedicarse á formación de afeccionados e á preparación das probas de acceso ós estudos conducentes á titulación daquelas persoas que teñan vocación e aptitudes para estas disciplinas.

Recóllese nesta orde a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia, á que alude a propia Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo na súa disposición adicional décimo séptima.

Por último, e con independencia da liberdade de apertura de centros de ensinanza non conducentes á titulación recollida na LOXSE, ofréceselles ós promotores privados a posibilidade de acceder a este modelo e, polo tanto, ás vantaxes inherentes a unha concepción formativa con virtudes contrastadas e recoñecidas pola Administración, formando parte dunha rede de centros vinculados a partir dunha identidade de obxectivos e funcións.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN

Primeiro.

A presente orde regula as escolas específicas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia ás que fai referencia o artigo 39º 5 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Segundo.

1. As escolas de música e danza terán como finalidade xeral ofertar unha formación práctica en música, danza, ou conjuntamente nas dúas disciplinas, dirixida a afeccionados de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais dos que teñan unha especial vocación e aptitude.

2. Os estudos de música e danza cursados nestas escolas específicas non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

Obxectivos das escolas de música e danza.

Terceiro.

As escolas de música terán os seguintes obxectivos:

a) Fomenta-lo coñecemento e apreciación da música, iniciando os nenos, desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe.

b) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.

c) Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumno así o aconelle, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder ó dito ensino.

d) Ofrecer un ensino instrumental, orientado tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.

e) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.

f) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.

g) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter aficionado.